

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15/12/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez
TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Adxudicación definitiva Obra " Saneamento lugar de Castro "-
- 4º.- Expediente Plan Provincial do Medio Ambiente (PMA) 2016.-
- 5º.- Aprobación Padrón Fiscal Recollida de Residuos Sólidos Urbanos 2017.-
- 6º.- Asuntos varios.-

-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **15/12/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan baixo a **Presidencia do Sr. Alcalde José Marcote Suárez**, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 24 de Novembro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á canalización subterránea de liña eléctrica de media tensión e punto de acceso á rede coa finalidade de dar servizo a un Centro de Transformación dotando de subministro a unha edificación de 25 vivendas sito na localidade de Escaselas do Termo Municipal de Fisterra,

debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso de data 28/01/2016 así como ás condicións impostas polo Servizo Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia en informe de data 31/08/2016 (Expediente IF206B2016/16-1) tal e como queda acreditado no no expediente; así mesmo :

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados coas mesmas calidades de materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Cincuenta e un euros con cincuenta e nove céntimos (51,59 €) en concepto do en concepto da diferenza existente entre o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras €.

-- Sete euros con catro céntimos (7,04 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á substitución do condutor dun vano de rede de baixa tensión aérea de 50 metros, un paso aéreo-subterráneo en apoio existente e unha liña de baixa tensión subterránea dende o mesmo ata o CPM da vivenda existente nunha parcela (Ref. Catastral 15038A502021850000DK), Polígono 502, Parcela 2185 en Barrascal na localidade de Escaselas deste Termo Municipal; debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso de data 14/07/2016; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados coas mesmas calidades de materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Cento dez euros con sesenta céntimos (110,60 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Quince euros con oito céntimos (15,08 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Presentación dun Aval coa finalidade de garantir a boa reposición das obras da urbanización afectada por ditas obras nun importe de Cincocentos sesenta e tres euros con seis céntimos (563,06 €).-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008), para proceder á canalización dunha liña de baixa tensión subterránea de 10 metros, para subministro eléctrico destinado a unha vivenda sita na localidade de A Insua do Termo Municipal de Fisterra; debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso de data 23/08/2016 que constan no expediente ; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados coas mesmas calidades de materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Sesenta e catro euros con vinte e oito céntimos (64,28 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Oito euros con setenta e sete céntimos (8,77 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Presentación dun Aval coa finalidade de garantir a boa reposición das obras da urbanización afectada por ditas obras nun importe de Cento cincuenta e tres euros con corenta céntimos (153,40 €).-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á canalización subterránea de liña eléctrica en media tensión coa finalidade de dotar de subministro a unha vivenda sita na Rúa Prado da Viña s/n da Vila de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso de data 17/08/2016 que constan no expediente; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados coas mesmas calidades de materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Quince euros con sesenta e un céntimos (15,61 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Dous euros con trece céntimos (2,13 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Presentación dun Aval coa finalidade de garantir a boa reposición das obras da urbanización afectada por ditas obras nun importe de Cento oitenta e nove euros con trinta e catro céntimos (189,34 €).-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á canalización dunha liña de baixa tensión subterránea de 10 metros coa finalidade de subministro enerxía eléctrica con destino a unha vivenda sita na Rúa Patres, 20 da Vila de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso de data 8/07/2016 que constan no expediente; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados coas mesmas calidades de materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Vinte e catro euros con catro céntimos (24,04 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Tres euros con vinte e oito céntimos (3,28 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Presentación dun Aval coa finalidade de garantir a boa reposición das obras da urbanización afectada por ditas obras nun importe de Trescentos cincuenta e oito euros con oitenta e catro céntimos (358,84 €) .-

3º.- Adxudicación definitiva Obra " Saneamento lugar de Castro " .-

Examinado o expediente por procedemento negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada "Mellora do Saneamento a Castro - Fisterra " cun presuposto de execución nun importe Setenta e tres mil cincocentos noventa e nove euros con sete céntimos (73.599,07 €) incluída no Plan de Acción Social da Excmá Diputación Provincial - Anualidade 2015 -

Resultando que por parte da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L., foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como os medios personais e materiais que vai a adscribir á execución da Obra en cuestión.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Cincuenta e tres mil seiscentos trinta e seis euros con trinta e seis céntimos (53.636,36 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Once mil douscentos sesenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (11.263,64 €).-

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.--

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

3º.- Designar como Técnica Directora da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, a Arquitecta Carolina Cajide Barbeito que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

4º.- Expediente Plan Provincial do Medio Ambiente (PMA) 2016.-

A) Á vista da Circular procedente da Excmá Diputación Provincial de data 18 de Novembro de 2016 sobre aprobación definitiva do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016,

Vistos os pregos de prescricions técnicas que sirven de base para a licitación coa finalidade de proceder a contratación dos Subministros :

Lote	Denominación	Unidades	Importe	IVE 21%	Total
1	Colectores	26	4.056,00 €	851,76 €	4.907,76 €
	Cubrecolectores	7	7.000,00 €	1.470,00 €	8.470,00 €

De conformidade co disposto no artigo 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, vista a capacidade da Empresa, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Adxudicar ós subministros previstos no Lote 1 en favor da Empresa BAYGAR S.L., con CIF B12019659 e domicilio social na localidade de Ande - Rubianes, Termo Municipal de Vilagarcía, CP 36600, Provincia de Pontevedra nos importes seguintes :

Denominación	Unidades	Importe	IVE 21%	Total
Colectores	26	4.056,00 €	851,76 €	4.907,76 €
Cubrecolectores	7	7.000,00 €	1.470,00 €	8.470,00 €

2) A entrega dos subministros deberá efectuarse no prazo de Mes e medio contado a partir do día seguinte o recibo da notificación deste acordo, axustándose na súa totalidade o prego antes referido e do que se trasladará copia ao adxudicatario; formalizaráse a oportuna Acta de Recepción quedando destinados ó USO PÚBLICO XERAL.-

3) Facultar ao Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

B) Á vista da Circular procedente da Excmá Diputación Provincial de data 18 de Novembro de 2016 sobre aprobación definitiva do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016,

Vistos os pregos de prescricions técnicas que sirven de base para a licitación coa finalidade de proceder a contratación dos Subministros :

Lote	Denominación	Unidades	Importe	IVE 21%	Total
2	Composteiros	20	1.440,00 €	302,40 €	1.742,40 €

De conformidade co disposto no artigo 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3 / 2011 de 14 de novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, vista a capacidade da Empresa, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Adxudicar ós subministros previstos no Lote 2 en favor da Empresa SOYL RECOVERY S.L., con CIF B82773615 e domicilio social na rúa Marques del Riscal, 1 de MADRID (CP 28010) no seguinte importe :

Denominación	Unidades	Importe	IVE 21%	Total
Composteiros	20	1.440,00 €	302,40 €	1.742,40 €

2) A entrega dos subministros deberá efectuarse no prazo de Mes e medio contado a partir do día seguinte o recibo da notificación deste acordo, axustándose na súa totalidade o prego antes referido e do que se trasladará copia ao adxudicatario; formalizaráse a oportuna Acta de Recepción quedando destinados ó USO PÚBLICO XERAL.-

3) Facultar ao Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

5º.- Aprobación Padrón Fiscal Recollida de Residuos Sólidos Urbanos 2017.-

Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal de Recollida Domiciliaria de Residuos Sólidos Urbanos, Tratamento e Eliminación dos mesmos confeccionado para o ano 2017 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Cento cincuenta e sete mil cincocentos corenta e cinco euros con sesenta e cinco céntimos (157.545,65 €).

2º.- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

6º.- Asuntos varios.-

Adxudicación definitiva Obra " Reforma Infraestructuras en San Martiño de Arriba "

Examinado o expediente tramitado mediante Procedemento Negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación da Obra denominada "Reforma Infraestructuras en San Martiño de Arriba " cun presuposto de execución nun importe de Corenta e oito mil euros (48.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en virtude do Convenio número

46/2015 formalizado o día 5 de Abril de 2016 coa Excma Diputación Provincial,

Resultando que efectuada a oportuna Valoración técnica das ofertas presentadas polas Empresas que accederon a licitación, resulta que a denominada Búa Construcciones y Servicios S.L. é a de maior puntuación, incurrindo en oferta económica temeraria,

Resultando que como consecuencia de elo e mediante acordo adoptado por esta Xunta na sesión do día 27 de Outubro de 2016 foi efectuado requerimento ó licitador para que no prazo de Cinco días xustificara a súa oferta debendo acompañar a documentación a que se fai referencia na Clausula 15 do prego de Clausulas Administrativas,

Considerando que á vista da documentación presentada polo licitador, emítase informe con data 14 de Decembro de 2016 por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo en sentido favorable ,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda:

1) Declarar válida a licitación, adxudicando provisionalmente a Obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152, Provincia de A Coruña por obter a maior puntuación e nun importe de Trinta e dous mil novecentos setenta e cinco euros con vinte e un céntimos (32.975,21 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Seis mil novecentos vinte e catro euros con setenta e nove céntimos (6.924,79 €) --

2) Requerir ó licitador para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar desde o seguinte ó recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social asi como constitución dunha garantía definitiva en importe de Mil seiscientos corenta e oito euros con setenta e seis céntimos (1.648,76 €) equivalente ó 5% da adxudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido .-

ADXUDICACION PRESTACIÓN SERVICIOS

Dáse conta da Resolución dictada pola Alcaldía de data 1 de Decembro de 2016 co seguinte contido :

" Examinado o expediente de Contratación urgente mediante Contrato Menor para levar a cabo a prestación do Servizo denominado " Actuacións para a preservación e mellora dos Hábitats e da Paisaxe rural litoral con implicación da poboación local de Fisterra " dentro das Parroquias de Santa Maria de Fisterra (ámbito da Praia de Mar de Fora), San Vicente de Duio (ámbito da Praia de Arnela) e San Xoán de Sardiñeiro (ámbito da Praia de Rostro) neste Termo Municipal de Fisterra

por un importe total licitatorio de Once mil catrocentos noventa e cinco euros (11.495,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base a Memoria redactada ao efecto,

Unha vez efectuada a apertura das Ofertas presentadas en sobre pechado polos licitadores requeridos e que foron presentadas dentro do prazo indicado, resulta o seguinte :

DENOMINACIÓN	OFERTA	IVE	BAIXA
Sorex Ecoloxía e Medio Ambiente S.L.	9.500,00 €	1.995,00 €	0,00 €
Xestión Agrogandeira e Natureza S.L.	9.500,00 €	1.995,00 €	0,00 €
Asociación para Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)	9.450,00 €	1.984,50 €	60,50 €

Seguidamente esta Alcaldía , acorda:

1.- Adxudicar dito servizo a Empresa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) con CIF G15044811 e domicilio social na Travesa dos Basquiños, 9 Baixo de Santiago de Compostela (CP 15704) por un importe de Nove mil catrocentos cincuenta euros (9.450,00 €) e Mil novecientos oitenta e catro euros con cincuenta céntimos (1.984,50 €) do Imposto sobre o Valor Engadido, ó tratarse da proposta económica mais vantaxosa para esta Corporación, supoñendo unha baixa de Sesenta euros con cincuenta céntimos (60,50 €) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente e de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Notificar dito acordo a adxudicataria facéndolle saber que ditos servizos deberán estar rematados e presentada a Memoria de actuación antes do día 12 de Decembro de 2016 sen que exista posibilidade de prórroga.--

A Xunta a de Goberno local queda enterada.-

APROBACION FACTURA EDIFICIO SEMAFORO

Unha vez examinada a Factura número 23 de data 5 decembro 2016 expedida por parte da Empresa Gonzalo Liñeiro Martinez, con NIF 76.355.030 K e domicilio social na Avenida Monelos, 147 - 3º K de A Coruña, Código Postal 15009, efectuadas con motivo das Obras de " **Acondicionamento Interior do Edificio " O Semáforo "** necesarias para o funcionamento da súa xestión como consecuencia da **Concesión Administrativa outorgada a Empresa NCC GALICIA, S.L.** en virtude do acordo adoptado polo Pleno da Corporacion na sesion celebrada polo Pleno en sesion do día 1 de Xullo de 2016 e por un importe de **Vinte e oito mil cento**

noventa euros con trinta e catro céntimos (28.190,34 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido,

Resultando que no expediente constan os Informes favorables da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo así como do Secretario-Interventor en canto a súa legalidade e procedencia de pago con cargo as arcas municipais ao tratarse dunha obriga implícita desta Corporación por outorgamento de concesión administrativa,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda prestarlle a súa aprobación en todo o seu contido.-

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. C. D. L., veciño de Fisterra, con DNI 53.169.169 T, unha axuda polo importe de Douscentos euros (200,00 €) para poder afrontar os gastos de primeira necesidade e aluguer de vivenda, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión,** ás **21:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.